

TEMA 7. A RESTAURACIÓN BORBÓNICA (1874-1902)

Sistema de quenda: Mecanismo de alternancia no poder vixente durante a Restauración borbónica que se baseaba no mutuo acordo entre os dous partidos monárquicos, o Conservador e o Liberal, aceptando a sucesiva quenda no Goberno. Para iso, o presidente do partido ao que lle tocaba gobernar -e que fora designado polo rei- convocaba eleccións que sempre gañaba empregando a fraude electoral e o caciquismo e co beneplácito do partido ao que lle tocaba estar na oposición.

Caciquismo: Práctica política que en España controlaba as eleccións grazas á figura do cacique, persoa que dominaba o poder local e controlaba os votos do seu territorio valéndose do seu poder económico, status social ou influencias. O caciquismo fixo posible a fraude electoral masiva existente no sistema da Restauración borbónica.

Encasillado ou encadramento: Proceso polo que o ministro da Gobernación elaboraba a lista de candidatos que debían ser escollidos en cada distrito electoral, colocando nas cuadrículas correspondentes os nomes dos candidatos ministeriais e da oposición. A lista era pactada polos dous partidos liberais monárquicos polo que esta práctica garantía a quenda pacífica dos gobernos da Restauración borbónica.

Pucheirazo: Un dos métodos de manipulación electoral empregado durante a Restauración borbónica, para permitir o triunfo dun determinado candidato e garantir, así, o funcionamento do sistema de quenda. Consistía na substitución no pucheiro (urna electoral) dos votos xa emitidos por outros favorables ao candidato que se desexaba que saíse elixido, ou na modificación da acta do recuento dos votos.

Rexeneracionismo: Corrente intelectual, política e literaria de finais do s. XIX e principios do s. XX que partía da análise dos problemas que padecía España para tratar de rexenerala e modernizala. Xurdiu a partir do desastre de 1898 e o seu principal representante foi Joaquín Costa que propugnaba acabar co caciquismo, reducir a pobreza e fomentar a educación.